

Modificación das bases específicas para a provisión dunha praza de Técnico Superior de Administración Local, escala de Administración xeral, incluída na Oferta de Emprego Público 2008

Esta alcaldía-presidencia mediante Resolución nº 446/2010, do 14 de maio, resolveu aprobar as bases específicas da convocatoria para a provisión en propiedade con funcionarios de carreira de unha praza de Técnico superior de Administración Local, por oposición libre, encadrada na Escala de Administración Xeral e incluídas na oferta de emprego público do Concello de Pontedeume para 2008 e convocar as correspondentes probas selectivas.

As devanditas bases publicáronse no BOP nº 102 do 02.06.2010.

Mediante Resolución desta alcaldía nº 598/2010, do 15 de xuño de 2010, aprobouse a modificación da base 4 das bases específicas da convocatoria para a provisión en propiedade con funcionarios de carreira de unha praza de Técnico superior de Administración Local, por oposición libre, encadrada na Escala de Administración Xeral, incluída na oferta de emprego público do Concello de Pontedeume para 2008, aprobadas por Resolución nº446/2008, no relativo á titulación esixida, de modo que queda redactada do seguinte xeito:

<<4.-Requisitos.

Os establecidos na base xeral segunda, sendo necesario, polo que atinxe á titulación, estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, do título universitario de Licenciado en Dereito, en Ciencias Políticas, Económicas o Empresariales, Intendente Mercantil o Actuario.>>

Pontedeume, 15 de xuño de 2010
O alcalde

Gabriel Torrente Piñeiro